

NIETZSCHE

INTRODUCCIÓN: A FILOSOFÍA DA SOSPEITA

O pensamento filosófico do século XIX caracterízase por unha actitude de sospeita e de denuncia que está presente en diversas correntes de pensamento, como o marxismo, o vitalismo e a psicoanálise. Sospeitar é intuír que as cousas non son tal como parecen. A sospeita leva a buscar o fondo agochado das cousas, por baixo o velo da aparencia. Marx, Nietzsche e Freud son os filósofos da sospeita:

α) A sospeita de Marx-Engels era de carácter económico e social; denunciaban que o esplendoroso sistema capitalista subsiste grazas ao sufrimento, á alienación e á explotación do proletariado.

β) A sospeita de Nietzsche apunta ao corazón mesmo da cultura occidental, pois os seus valores xa non serven. A filosofía de Nietzsche é unha crítica radical da nosa cultura e dos valores nos que se sustenta: para el, a vida é cambio, proceso, irracionalidade; non se pode medir cientificamente. Nega, por tanto a validez da razón científica como da especulativa para explicar tanto a natureza como o obrar humano, é dicir, invalida o optimismo racionalista que desde a Ilustración caracterizaba a filosofía e a cultura occidental en xeral.

γ) A sospeita de Freud apunta a que o comportamento humano está motivado por escuras e irracionais forzas inconscientes que escapan do control racional; polo tanto, desde a perspectiva freudiana, o ser humano nin sequera é dono dos seus actos.

CONTEXTO HISTÓRICO e CULTURAL

O século XIX avanza cos cambios económicos, sociais, políticos e culturais derivados da expansión da Revolución industrial. Ademais das loitas obreiras analizadas no tema anterior, politicamente, supón a eclosión dos **nacionalismos**, un capitalismo cada vez máis apoiado no **imperialismo colonial**, e a consolidación dos Estado-nación (España, Francia, Italia, Gran Bretaña, Alemania...)

CONTEXTO FILOSÓFICO

Unidas á introductoria referencia á filosofía da sospeita, cabe considerar a importante vixencia dos ideais da Ilustración e, sobre todo a influencia do filósofo alemán **Arthur Schopenhauer** (sí, hay que saberse el nombre).

En primeiro lugar, pois, sinalar que na Alemania da época, ademais da filosofía hegeliana, marxista e o vitalismo existencial de Schopenhauer, únense a herdanza da Ilustración (Aufklärung) coa eclosión do Romanticismo (Sturm und Drang). Dunha banda, os ilustrados sostiñan un enorme optimismo na capacidade humana para dirixir os seus pasos pola senda da razón (en aras dun progreso de coñecemento e dominio ilimitados sobre a natureza e a sociedade), e doutra o enfoque irracionalista e vitalista dos románticos.

Schopenhauer, defende a primacidade da VONTADE sobre a razón, e a entende non como fonte de decisións e propósitos individuais, subxectivos, senón como una forza cósmica presente en toda a realidade (humanos, animais, vexetais e mesmo seres inorgánicos, como a pedra que se resiste á erosión ou o raio de luz que quere perdurar). A vontade de vivir, daquela, non é una realidade individual, senón un principio universal, un impulso ilimitado, torturado e en conflito, unha realidade nunca satisfeita (polo fenómeno da morte). Este concepto inspira a Nietzsche o seu de VONTADE DE PODER.

Contra idealistas, ilustrados (e unha tradición cristiá que considera “filla” do platonismo) e a partir das teses do vitalismo schopenhauariano, edifica Nietzsche a súa obra mordazmente antiidealista e irracionalista.

CONTEXTO VITAL

Friedrich Wilhelm Nietzsche nace o 15 de outubro de 1844 en Röcken, Prusia. A súa infancia queda marcada pola morte do seu pai (pastor luterano) e a do seu irmán máis pequeno. Vive nun ambiente feminino, e na súa etapa do Gymnasium (Instituto) nace a súa admiración pola literatura e pensamento gregos (le a Esquilo e a Platón) e pola música e a poesía alemás: grande admirador de Hölderlin, funda a sociedade literario-musical Germania.

En 1864 inicia a carreira de Teoloxía en Bonn, que abandona para estudar Filoloxía en Leipzig. En 1869 accede á cátedra de Filoloxía Clásica na Universidade de Basilea. Por problemas de saúde, en 1879 renuncia á súa cátedra e comeza a súa vida nómada por Suíza, Italia e Alemaña. En 1889 sofre un colapso mental en Turín. Coidado pola súa nai e a súa irmá Elizabeth, morre en Weimar en 1900. A súa obra divídese en catro períodos:

Etapa romántica ou da noite.

Publica *O nacemento da traxedia* e *Consideracións intempestivas*, nas que defende a Wagner e Schopenhauer (1871-1876)

Etapa ilustrada ou do **amanecer**.

Rompe a súa relación con Wagner e co pesimismo de Schopenhauer. Orienta a súa reflexión cara unha postura “ilustrada” para condenar a metafísica e a relixión. Escrebe *Humano, demasiado humano*, *Aurora* e *A gaia ciencia* (1879-1882)

Etapa de plenitude ou do **mediodía**.

Representa o cúmio do seu pensamento, *Así falou Zaratustra*, onde por boca do profeta do “superhome” e do “eterno retorno” expón a parte máis “positiva” da súa filosofía.

Etapa crítica ou do **atardecer**.

Volve á carga de maneira máis virulenta sobre os fundamentos da cultura occidental. Zaratustra baixa ás profundidades da nosa sociedade para denunciar o nihilismo do “último home”, antes da chegada do superhome. Son desta época *O crepúsculo dos ídolos*, *Máis alá do ben e do mal*, *Xenealoxía da moral*, e varias máis.

Publicáronse póstumamente unha grande cantidade de aforismos e fragmentos dispersos baixo o título *A vontade de poder*.

Ainda que marquemos estes catro períodos, podemos atopar liñas comúns ao longo de toda a súa obra:

-estilo metafórico e xenealóxico

- unidade primordial de todas as cousas e tensión entre os elementos
- alegría creadora e estética como reivindicación da presente vida terrea
- recoñecemento da soidade do individuo como valor supremo
- aposta pola “vontade de poder”

CRÍTICA AO NIHILISMO NA CULTURA OCCIDENTAL

Nietzsche tiña a convicción de que a cultura occidental rexeitou a vida, conducíndose deste xeito a un nihilismo que culminará coa **“morte de deus”**.

En A orixe da traxedia, primeira obra súa, está xa o núcleo embrionario da súa filosofía: o recoñecemento da vida como supremo valor e a crítica a cultura occidental.

Alí afirma que a traxedia grega nos mostra os dous principais compoñentes da realidade: o espírito **dionisiaco**, que contén os valores da vida (forza instintiva e pasional, a corrente vital efervescente, en harmonía coa natureza, fecundidade e saúde), e o espírito **apolíneo**, que contén os valores da razón (da proporción e a xusta medida, da luz, do equilibrio e da serenidade: está na obra perfecta, serena e fermosa).

Nietzsche considera que a época presocrática de Grecia non esquecía ningún dos dous deuses (Dionisos e Apolo): no equilibrio grego apolíneo podemos atopar a paixón dionisiaca. Así, a arte da traxedia clásica manifesta o máis profundo da existencia humana: mostra e mantén a oposición irreconciliable entre as dúas ordes de valores os da vida e os da razón, entre o espírito dionisiaco e o apolíneo. A arte trágica grega é unha valente aceptación da vida en sentido sublime: un sí á vida, a pesar da dor que esta comporta.

Segundo Nietzsche, coa irrupción de Sócrates e Platón comezaron a decadencia e o erro. Os elementos morais e intelectuais impuxéronse e iniciouse o predominio histórico de tdo aquilo que é lóxico e racional, é dicir, os valores apolíneos por encima dos dionisiacos. Unha mostra diso é que Sócrates preferiu a morte á loita.

Nietzsche convértese no gran defensor da actitude dionisiaca de aceptación da vida, da vida tal como é, coa dor e a morte que comporta. Foi o gran crítico da actitude de renuncia á vida, de fuxida ante a vida, que identificaba coa cultura occidental, iniciada por Sócrates e asumida polo pensamento cristián.

O final da marcha histórica dese occidente racionalista e antivital, exprésao Nietzsche coa frase **“Deus morreu”** (Got ist tot.). Significa moito máis que a manifestación dun ateísmo; é a gran metáfora que simboliza a morte das verdades absolutas e das ideas inmutables, a morte dos ideais que guiaban a vida humana.

Deus representaba todo aquilo que é suprasensible: o mundo das ideas de Platón, todos os idealismos, todas as grandes crenzas (rleixión) ou verdades (ciencia, filosofía) que atravesan o curso completo da historia de Occidente, todo o que da sentido á vida apoiándose nun alén. E agora, afirma Nietzsche, todo iso está morto: os ideais xa non impulsan a vida das persoas, o mundo suprasensible perdeu toda forza.

En conclusión, para él coa morte de deus derrúbase toda a nosa civilización, xa que todos os valores desta se fundamentaran na crenza de que o sentido do mundo está fora do mundo. Deus personifica esa crenza. Agora vivimos o fin da nosa civilización, os valores supremos xa non teñen validez, o sentido do mundo xa non se busca no elevado...fora do mundo.

Así que Nietzsche anúncianos que deus morreu: ollo, non é que non existise, senón que foi asasinado. Este asasinato inaugura un tempo novo: xa non hai valores, ideais, normas nin principios erixidos por riba de nós mesmos Pero, que podemos facer ante a morte de deus? Só se pode elixir entre dúas posicións: ou ben a do último home que vive a fin da civilización, ou ben a do superhome, a do deus terrenal que lle di sí á vida.

Ve no seu propio tempo o reino do último home, o home que vive o triste final dunha civilización na que dominaran na que predominaran valores que xa están mortos. É o reino no que caeu a máscara que disimulaba mentiras milenarias; é o reino do home que se ve precipitado ao nihilismo.

O **NIHILISMO** ou negación absoluta é o estado do home carente de obxectivos polos que mereza a pena loitar, carente de forza para trascenderse, transformado en vexetal. É o home da vida moderna que só busca a comodidade e o placer cotidiáns, sen procurar metas ideais.

É nihilista a civilización occidental cando quedou sen valores, cando descubre que os que tiña son falsos.

Agora ben, esta negación dos antigos valores abre a posibilidade de afirmar outros totalmente novos. O home novo, o **superhome**, constituirá o polo oposto do último home: é o ser capaz de estar á altura de un acto tan inmenso como o asasinato de deus; él mesmo é un novo deus, deus terrenal.

O superhome vaille dar un novo sentido á realidade, creando novos valores, os da vida, que non se fundamentarán no alén senón neste mundo. Deste xeito creará o **“sentido da terra”**, será el mesmo o sentido da terra.

Será un espírito libre que non cederá ante nada, pero que participará da inocencia e da espontaneidade do neno.

En *Así falou Zaratustra*, Nietzsche describe as tres transformacións do home que vai camiño do superhome: a xénese do superhome pasa por tres momentos nos que toma a forma do camelo, o león e o neno. Así:

-o **camelo**, é o animal que soporta pesadas cargas, representa ao home capaz de levar o peso da lei moral, da transcendencia. Simboliza o espírito que se inclina ante o sublime da lei moral; a súa máxima é o deber kantiano...non obstante ha converterse en león

-o **león** é o animal que se desfai de cargas opresoras e antinaturais; loita contra o seu último deus, as normas e os valores. É o home que crea a súa liberdade dicindo “non”, que tras se liberar dos seus xugos, di “eu quero”...non obstante aínda ha de converterse en neno

-o **nenó** representa a vontade creadora e espontánea, a liberdade verdadeira. Representa a existencia como aventura e xogo; é o natural e sincero dicirlle sí á vida.

O superhome, superador do nihilismo da cultura occidental, vai executar a “subversión de todos os valores”, trocando a ata entón dominante **“moral de escravos”** (da mediocridade, fundada sobre o resentimento dos débiles fronte aos fortes e superiores, glorifica tdo aquilo que beneficia aos débiles, como a democracia, cousa de pobres, impotentes, enfermos e feos), por unha nova **“moral do señor”** (alta, nela o bo é todo aquilo que eleva ao individuo, todo o baseado na aceptación da vida, noble, poderoso, fermoso e feliz).

Esta moral transformada que erixirá o superhome fora a primeira moral que houbo, que exalta a forza e a independencia. Agora ben, unha rebelión de escravos, xudeus e cristianos, invertiu os valores nobles cun resentimento dos oprimidos, que creou valores que eloxian aos débiles (docilidade, compaixón, humildade...)

Para esta subversión dos valores que ha realizar o superhome, devolvendo o lugar privilexiado de esa antiga “moral do señor”, este válese da **“vontade de poder”**, sustentada na metáfora do “eterno retorno”.

Vontade de poder significa, en Nietzsche, vontade de dominio, de forza, de potencia vital. Por iso caracterizamos a súa filosofía como un VITALISMO: a vida é unha enerxía inquieta que

constantemente crea novas formas de vida e destrúe outras, decadentes, esgotadas, ese é o impulso da natureza. É un poder dos creadores, un poder que se impón sen esforzo pola súa propia grandeza (como ocorre, por exemplo, coa xenialidade dunha obra de arte).

A vontade de poder oponse á vontade de igualdade; canto máis poderosa sexa unha vida, máis vai impoñer a xerarquía e a desigualdade (os homes fortes, elevados, distancianse dos outros, destacan). Nietzsche considera aos “predicadores da igualdade” como seres venenosos e resentidos que queren impoñer o mediocre, o ordinario. Por iso loita contra a identificación de igualdade con xustiza, xestada na Revolución francesa, e continuada nas propostas socialistas, comunistas e anarquistas., nas democracias e no propio cristianismo (todos somos iguais ante deus).

Cando esa vida superior do home elevado se impón, non cabe nela o arrepentimento (poois iso significaría autolimitarse, cargarse con lastre). Hemos querer cada cousa que facemos ou que nos sucede con unha entrega apaixonada, incondicional, de maneira que nos facemos fortes para soportar sobre nós o peso de toda dor que poida sobrevivir.

Nunha formulación hipotética, poñendo en boca dun demonio figurado, no seu libro *A gaia ciencia*, Nietzsche plantexa que se a nosa vida se repetise eternamente con cada instante idéntico á esta nosa primeira vez, haberíamos amar ese destino de ser a nosa vida a obra que con liberdade construímos, con xenialidade. Pero se sentimos ese pensamento como un inferno, iso quere dicir que non estamos a gusto, non estamos conformes coa vida que estamos vivindo.

Se consideramos qque volveremos vivir a nosa vida infinitas veces, e cada vez sería idéntica, entón hai que intentar que esta vida mereza a pena ser vivida; cada un dos nosos actos, incluso o máis cotiá, terá que ser digno dunha repetición infinita.

Por iso, o superhome ama o **eterno retorno**. Ama o seu destino (“amor fati”).

EPÍLOGO

O pensamento de Nietzsche estará vivo durante todo o século XX.

Lamentablemente, as metáforas do pensamento de Nietzsche a miúdo foron utilizadas e manipulada con oportunismo político, en favor dun réxime totalitario, o nazismo.

Despóis da segunda Guerra Mundial, foron moitos os filósofos que iniciaron o proceso de rescatalo da súa vinculación ao nazismo. Un deles, o existencialista alemán Karl Jaspers, sostiña que só se pode ser fiel a Nietzsche enfrontándose con el continuamente, porque el animara sempre a superar calquera ídolo establecido, incluída a súa propia obra.

A filosofía da vida de Nietzsche estará presente e estimulará unha das correntes filosóficas máis relevantes do século XX, o **existencialismo**. Esta filosofía, que lle concede primacía á realidade vital concreta, á existencia viva por encima da esencia pensada, reformulará algúns dos temas de Nietzsche, entre eles o da morte de deus ou o da existencia absurda, como forma de vida do ser humano que loita por unha existencia auténtica e emancipadora.

“Lo que sucede por amor, ocurre siempre más allá del bien y del mal.”
Friedrich Nietzsche

